



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# EMPREGO

## (Dobre moralidade)

Estes días déronlle a boa nova a 300 traballadores/as que cambiaron o seu contrato Eventual a Indefinido.

Se ben o balance a respecto do mantemento do emprego fixo nestes últimos meses arroxa un saldo negativo, por canto foron uns **600 traballadores/as de 8 horas** que deixaron a fábrica (baixas voluntarias invalideces, ERE, etc.) por estes **300 de 4 horas** que acaban de formalizarse, preocúpanos que, de novo, a discriminación empane estes novos contratos.

**A C.I.G.** en todo proceso de contratación vén esixindo que os criterios sexan transparentes, onde prime como regra xeral a IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

Pero unha vez máis un importante número de traballadores/as, viron frustradas as súas lexítimas esperanzas. Pensar que a antigüidade debера ser un factor determinante á hora de mellorar os seus contratos, segue sen ir coa política de emprego na fábrica. Dá igual levar 10 que 2 anos de eventual, que ter ou non ter cargas familiares.

O Emprego segue a ser unha das maiores preocupacións da Sociedade.

E foi a defensa do emprego o que motivou nesta crise, que patronal e sindicatos pedíramos as axudas necesarias das diferentes Administracións para o noso Sector. ¿Como reaccionaríamos se cando o Goberno Central destinou os 800 millóns de Euros para as Plantas no Estado, fixera un reparto desequilibrado entre as diferentes fábricas?. Estamos seguros que Dirección e traballadores/as saíramos contra ese Goberno, **en defensa do emprego e contra a discriminación nas axudas**.

Pois ben, "na casa" non se pode seguir alimentando unha moralidade distinta, baseada na práctica da desigualdade, para pagar, seguramente... compromisos contraídos... ou facturas anti-sociais.

¿como se pode presentar un "Delegado", ofrecendo emprego fixo a un traballador...? ¿quen lle da esa licenza...?

**Sr. Ianní**, *vostede tan partidario de prohibir, e de querer controlalo todo, ¿porque tolera en materia de emprego, que un grupo de persoas se "fumen" a razón e a ética, valores onde os traballadores e traballadoras, teñen depositada a confianza para mellorar o seu futuro laboral na planta?*

*¿Cando veremos un CHANTIER nos departamentos onde se elaboran as inxustizas sociais .?*

Vigo, 14 de Xaneiro de 2010

# Confederación Intersindical Galega